



PROXECTO PILOTO PARA PROGRAMA EXPERIMENTAL

**ENRIQUECEMENTO CURRICULAR
PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO
CON ALTAS CAPACIDADES NA
EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA**

CURSO 2014-2015

Margarita Beceiro Caneiro
C.E.I.P. PLURILINGÜE “O MOSTEIRÓN”
MOSTEIRÓN-SADA



INDICE

páxinas

1. XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA.	(páx.3)
1.1.Procedementos para a detección AACC no noso centro	(páx.4)
2. FINALIDADE E OBXECTIVOS DO PROGRAMA.	(páx.4-5)
3. METODOLOXÍA.	(páx.6)
4. ORGANIZACIÓN.	(páx.7)
4.1. Alumnado ao que vai dirixido.	(páx.7)
4.2. Estrutura e desenvolvemento do programa.	(páx.8)
4.3. Espazos.	(páx.8)
4.4. Materiais.	(páx.8)
5. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.	(páx.8)
6. COLABORACIÓN CON RECURSOS EXTERNOS.	(páx.9)
7. AVALIACIÓN.	(páx.9)
7.1. Avaliación do alumnado.	(páx.9)
7.2. Avaliación do programa.	(páx.10)



C.E.I.P. Plurilingüe “O Mosteirón”

1. XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA.

A atención á diversidade é un dos máis grandes retos cos que nos enfrontamos os profesionais do ensino, xa que, non hai dous alumnos/as iguais, polo que as aulas non poden ser grupos uniformes sino espazos que se adaptan á realidade cambiante.

Todos os docentes observamos nas nosas aulas a uns nenos/as aos que non lles custa entender, debido ao seu rápido ritmo e profundidade de aprendizaxe. Son eses alumnos/as máis capaces que o resto e con máis recursos, polo que teñen que pisar o freo da creatividade e a orixinalidade.

No noso centro, debido á crecente necesidade, dende o curso pasado estase a traballar cun grupo reducido de alumnado que presenta Altas Capacidades mediante actividades específicas de enriquecemento.

Para a elaboración deste programa, tomouse como marco de referencia, ademais das necesidades que presentaban os nenos/as, as directrices establecidas pola lei actual:

No artigo 57 da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa se inclúe a este tipo de alumnos/as e sinala que corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, (...) polas súas *altas capacidades intelectuais* (...), poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Tal e como se establece no artigo 58 da citada lei para a Mellora da Calidade Educativa, o artigo 76 da L.O.E. queda redactado da seguinte forma:

“Corresponde ás Administracións educativas adoptar as medidas necesarias para identificar ao alumnado con altas capacidades intelectuais e valorar de forma temperá as súas necesidades. Tamén, lles corresponde adoptar plans de actuación, así como programas de enriquecemento curricular adecuados a estas necesidades, que permitan ao alumnado desenvolver ao máximo as súas capacidades.»

Tendo en conta os aspectos marcados na lei, é preciso introducir contidos e propostas metodolóxicas que respondan ás necesidades de todos aqueles alumnos/as que precisen mellorar e profundar nas



C.E.I.P. Plurilingüe “O Mosteirón”

aprendizaxes. E dicir, partindo dun currículo común para todos, diversificar segundo as posibilidades de cada quen.

1.1. Procedementos para a detección do Alumnado con Alta Capacidade no C.E.I.P Plurilingüe “O Mosteirón”

A demanda ante as sospeitas de que un alumno ou alumna é de Alta Capacidade, poderá partir do profesorado do centro, familias ou do propio departamento de orientación no caso de observarse indicios de que un neno/a pode presentar talento, sobredotación intelectual ou precocidade.

Esta demanda dirixirase ao departamento de orientación do colexio e será atendida pola orientadora.

Realizarase unha entrevista inicial entre titora do alumno/a e orientadora para coñecer as características individuais do neno/a.

Terá lugar unha segunda entrevista coa familia do alumno/a e a orientadora co obxecto de obter información e tamén informar sobre a finalidade da avaliación psicopedagóxica e os procedementos que se empregarán.

A orientadora avaliará ao neno/a a partir dunha proba específica de madurez (WISC IV) que se completará a posteriori con outra proba de creatividade realizada polo E.O.E., no caso de que se precise a súa intervención.

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica, a orientadora comunicará os resultados á titora e familia do alumno/a, ademais de proporcionar orientacións sobre os pasos a seguir que poderán ser:

- Inclusión do alumno/a no programa de Enriquecemento Curricular.
- Demanda ao E.O.E. ou
- Derivación A Unidade de Altas Capacidades de Santiago de Compostela.
- Asesoramento sobre actividades que pode realizar o alumno na contorna (Concello de Sada, Concello de Coruña, actividades extraescolares...)

2. FINALIDADE E OBXECTIVOS DO PROGRAMA.

FINALIDADE

A finalidade primordial deste programa neste curso é a mellora das habilidades lingüísticas e de comunicación do alumnado do 2º. 3º e 4º de primaria, niveis onde se atopa escolarizado o noso alumnado con Altas Capacidades, de forma que poida acadar o maior desenvolvemento das súas competencias. Este curso, dado que se trata dun programa experimental o



C.E.I.P. Plurilingüe “O Mosteirón”

eixe dinamizador do programa será, polo tanto, o enriquecemento da Expresión Oral e Escrita.

O seu deseño e posta en práctica precisa dunha intervención educativa dirixida non só ao alumnado con estas características, senón tamén ao resto do alumnado do grupo clase, de tal forma que todos os alumnos da aula poidan enriquecerse con esta medida e non só uns poucos. O enriquecemento realizarase tendo en conta os diferentes niveis da clase.

O eixe dinamizador desta experiencia será **a aprendizaxe cooperativa** a partir da cal preténdese que o alumnado acade **competencias comunicativas** (diálogo, expresar e aceptar críticas construtivas...) e tamén **competencias sociais** (negociación, resolución de conflitos e traballo en equipo)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

Relativos ao alumnado:

- Ofrecer unha resposta educativa axeitada ao alumnado con Altas Capacidades no eido da Expresión Oral e Escrita.
- Desenvolver actividades de ampliación e investigación para efectuar polos grupos que interveñen no programa nas áreas de lingua castelá e coñecemento do medio natural, social e cultural (2º e 4º EP), ciencias naturais e sociais (3º EP)
- Poñer en funcionamento actividades que promovan as técnicas de estudo e o desenvolvemento de habilidades sociais.
- Dar resposta educativa individual segundo as capacidades de cada alumno/a.
- Fomentar a adquisición de habilidades para a vida cotiá a partir de actividades que promovan a empatía, a interacción social, colaboración, axuda mutua e o servizo aos demais.
- Mellorar as relacións entre os compañeiros do grupo que realiza a actividade.
- Potenciar as relacións sociais de alumnado interciclos a partir de actividades relacionadas coa lectura.
- Traballar varias dimensións da expresión escrita (redacción e descrición de persoas, obxectos e situacións) dende os primeiros niveis.
- Elaborar textos de forma gradual respecto á dificultade.



C.E.I.P. Plurilingüe “O Mosteirón”

En relación ao profesorado:

- Facilitar formación ao profesorado interesado no programa, de forma que se posibilite a detección e intervención educativa axeitada.
- Establecer unha axeitada coordinación titoras-orientadora para o desenvolvemento do programa.

3. METODOLOXÍA.

As actividades propostas son graduadas en canto ao nivel de dificultade, de forma que resulten coherentes e funcionais, é dicir, que o alumnado comprenda o que está a facer e a súa utilidade. Desta forma, resultarán tamén motivadoras, establecendo sempre unha finalidade práctica na que prime a sensibilización de cara á socialización cos compañeiros. Os nenos/as teñen que debater cos compañeiros e poñerse de acordo para realizar as actividades. Haberá unha posta en común, polo que cada equipo ten un portavoz que expón as conclusións do equipo e que rota semanalmente.

Serán realizadas por bloques secuenciados en fases, estando nestes momentos posto en marcha o desenvolvemento de traballos de investigación (experimentos en coñecemento do medio) e por outra banda, enriquecemento de vocabulario e inicio da descrición de personaxes (Taller de Expresión Escrita)

ACTIVIDADES:

1. ***Traballos de investigación*** en pequeno grupo (3-4 alumnos/as) sobre temas coñecidos partindo do centro de interese do alumnado (brainstorming) empregando como medios as novas tecnoloxías para a procura de información e outros medios (buscadores internet, enciclopedia virtual Encarta; preparación entrevistas con profesorado/membros da familia...) Dentro deste apartado incluímos a ***realización de experimentos*** na área de coñecemento do medio, realizados en pequeno grupo de experimentadores/científicos que elaboran os obxectivos, hipóteses, procedementos, recompilación de materiais necesarios, execución da experiencia e conclusións.
2. ***Taller de Expresión Oral e Escrita:*** a intención é traballar estas habilidades como medida de enriquecemento a partir de propostas colectivas nun primeiro momento, que darán lugar a



C.E.I.P. Plurilingüe “O Mosteirón”

creacións de textos e exposicións orais a nivel individual. Na escrita, traballárase o enriquecemento do vocabulario, expresións cotiás e formas de comezar e rematar un texto que serán moi útiles nas actividades de expresión oral e viceversa, dado que ambas destrezas están interrelacionadas.

3. ***Técnica de Esquemas e mapas conceptuais na área de coñecemento do medio.*** Trátase de traballar os temas de coñecemento do medio, cc naturais, cc sociais a través de esquemas incompletos. A orientadora presentará este esquema ao grupo en diferentes niveis: máis completo para uns alumnos/as e menos para o alumnado máis capaz. O grao de dificultade para cada alumno podemos establecelo de forma moi individualizada porque o esquema pode personalizarse e reducirse tanto como se desexe facer. Desta forma, iníciase na aprendizaxe da realización de esquemas para todo o alumnado, e aténdese aos alumnos/as máis capaces que, con poucos apartados e indicacións, poden desenvolver esquemas máis complicados, explicándoos despois ao resto do grupo, e enriquecéndose así o conxunto do grupo aula.
4. ***Realización de presentacións orais*** na aula sobre temas da natureza o ciencias sociais a partir de materiais elaborados polo propio alumnado (powerpoints, murais, contos...)
5. ***Animacións lectoras interciclos:*** un grupo de alumnos/as encárgase de preparar a lectura dun texto dirixido a un curso inferior. Non debe ser unha simple lectura, senón que debe estar apoiada con elementos de expresión corporal (traballar dende a entoación, ata a colocación de complementos que axuden á comprensión do conto). Tamén introdúcense as TIC como recurso para buscar os textos, preparar guións, debuxos...

4. ORGANIZACIÓN.

4.1. Alumnado ao que vai dirixido

Este programa, neste curso, ten carácter experimental sendo o 1º ano que se desenvolve no noso centro e vai dirixido ao alumnado escolarizado no 2º, 3º e 4º nivel de primaria, por ser nas aulas nas que se atopa escolarizado o alumnado con Altas Capacidades, aínda que abranguerá á totalidade dos nenos/as integrantes dos grupos mencionados.



C.E.I.P. Plurilingüe “O Mosteirón”

4.2.Estrutura e desenvolvemento do programa

Impartiranse en cada curso proposto, dúas sesións semanais que serán realizadas da seguinte forma:

1 sesión en Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.

1 sesión en Lingua Castelá.

O grupo clase divídese en pequenos grupos, cada grupo de alumnos/as ten un portavoz para transmitir as decisións tomadas polo grupo que rota semanalmente.

4.3.Espazos

O programa de enriquecemento desenvólvese dentro da aula ordinaria co espazo organizado debidamente para o establecemento de 3-4 grupos de traballo compostos por 4-5 alumnos cada grupo.

4.4. Materiais

Tal e como se comentou en epígrafes anteriores, o material empregado estará adaptado á actividade a realizar:

- Cadernos dirixidos ao fomento da expresión escrita específicos para traballar vocabulario, expresións, redacción, descrición...
- Textos a modo de exemplo para estudar como se realiza unha descrición
- Materiais TIC
- Mapas conceptuais elaborados a partir do libro de texto de coñecemento do medio
- Textos escritos para a preparación de contacontos e animacións lectoras interciclos.

5.INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

a. Sobre o desenvolvemento do programa

Na primeira reunión colectiva ao inicio do curso con pais do alumnado, ademais de contar coa presenza da profesora titora, estivo a orientadora, no caso concreto dos niveis expostos, para explicar ás familias de forma colectiva a finalidade do programa, obxectivos do mesmo e as liñas xerais de actuación.

Por un lado, pretendíase informar ás familias das vantaxes do programa e do seu funcionamento, e por outro lado, obter a súa colaboración á hora de



C.E.I.P. Plurilingüe “O Mosteirón”

traballar, debido a que o apoio da familia e a cohesión nas actuacións colexio e familia, é imprescindible para obter resultados óptimos.

6. COLABORACIÓN CON RECURSOS EXTERNOS.

E.O.E.

Mantense unha estreita colaboración na posta en marcha deste proxecto co E.O.E. da Coruña para contrastar información, obter recursos e asesoramento para o desenvolvemento do programa.

PROGRAMA TALENTO 3.0.

Por outra banda, a orientadora está a participar no Programa Talento 3.0 da Fundación Barrié. A partir dun curso inicial celebrado en xuño de 2014, constitúense grupos de traballo a nivel interprovincial para traballar as Altas Capacidades, a partir de reunións que teñen lugar na Fundación Barrié, sede da Coruña.

Asemade, este programa, a través da Unidade de Altas Capacidades de Galicia, poderá ofertar formación específica para o profesorado do centro interesado nesta temática.

7. AVALIACIÓN.

a. Avaliación do alumnado.

A avaliación do alumnado, tal e como indica a lexislación vixente, será continua, global, formativa e orientativa.

Terase en conta a avaliación inicial e continua, que será realizada da seguinte forma:

AVALIACIÓN INICIAL

A partir de probas curriculares non estandarizadas realizadas pola titora e facilitadas polo departamento de orientación no mes de setembro.

No 1º nivel de primaria, durante o mes de outubro realízanse probas colectivas BADYG para comprobar o grao de madurez do alumnado. No 5º curso de primaria tamén se pasan estas probas para comprobar a evolución do alumnado.

No caso da detección específica do alumnado con Altas Capacidades, a avaliación inicial realízase segundo o procedemento establecido no epígrafe 1.1.



C.E.I.P. Plurilingüe “O Mosteirón”

AVALIACIÓN CONTINUA

Esta avaliación ten como obxectivo valorar se as medidas introducidas son as axeitadas ás necesidades dos alumnos e acadaron, tal e como se pretende, responder á demanda dos alumnos/as máis capaces así como contribuír ao enriquecemento do resto do alumnado.

Realizarase tendo en conta os resultados acadados en cada actividade: grao de desenvolvemento da expresión oral e escrita, satisfacción do alumnado e mellora da calidade nas relacións interpersoais.

Introduciranse variacións e melloras nas actividades en función dos resultados obtidos.

b. Avaliación do programa.

Na avaliación do programa teranse en conta os seguintes aspectos que serán valorados e consensuados no dpto. de orientación e na comisión de coordinación pedagóxica ao final de curso:

1- Obxectivos acadados polo alumnado.

Terase en conta:

- Grao en que cada actuación serve para mellorar os resultados do grupo na competencia lingüística.
- Valoración xeral do enriquecemento tanto a nivel individual como grupal.
- Grao de enriquecemento que supuxo realizar actividades interciclos.
- Grao de desenvolvemento a nivel de expresión oral e escrita.

2- Organización e coordinación do programa.

- Relación entre medidas propostas e as postas na práctica.
- Dificultades atopadas.
- Valoración da coordinación cos recursos externos.
- Valoración da coordinación orientadora- titoras.

3- Recursos materiais e humanos.

- Adecuación dos espazos do centro para desenvolver as medidas propostas.
- Dispoñibilidade de recursos informáticos.
- Adecuación dos materiais ás actividades propostas.
- Aproveitamento dos materiais das distintas aulas.
- Formación do profesorado ofertada por recursos externos.

4- Metodoloxía e Programación de Actividades.

- Eficacia na detección do alumnado con Altas Capacidades.



C.E.I.P. Plurilingüe “O Mosteirón”

- Grao de dificultade para a titora e orientadora na aplicación das medidas propostas.
- Adecuación das actividades propostas á necesidade do alumnado.
- Valoración do grao de motivación e satisfacción das actividades para os alumnos/as.
- Grao de implicación dos alumnos/as nas actividades realizadas en grupo/individuais.
- Grao en que as medidas propostas colaboraron na mellora da convivencia no grupo aula e a nivel de centro.

5- *Propostas de mellora.*

Unha vez realizada a avaliación do programa, sendo tratada na última reunión do departamento de orientación e C.C.P. a finais do presente curso académico, recolleranse as propostas de mellora na memoria do departamento de orientación para modificar o presente programa de cara ao seguinte curso académico.